Concello de Outes

Proceso selectivo Auxiliar administrativo (Subvención contratación persoas mozas inscritas no SNGX)

Nome e Apelidos:_____

DNI: _____

- O cuestionario consta de 20 preguntas e 3 de reserva. As preguntas en branco ou con resposta errónea non restan puntuación.

- No caso de cambiar a resposta marcada asegúrese de indicar claramente cal é a resposta elexida.

1. Segundo a Constitución Española, cal dos seguintes é un dereito fundamental recollido na sección 1ª do capítulo segundo do título I?

A) O dereito á desfrutar dunha vivenda digna.

B) O dereito á liberdade e á seguridade.

C) O dereito á protección da saúde.

2. Segundo o artigo 1 da Constitución Española, os valores superiores do ordenamento xurídico son:

A) Liberdade, xustiza, igualdade, soberanía nacional e pluralismo político.

B) Liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político.

C) Liberdade, igualdade, soberania naciona e pluralismo político.

3. En qué artigo da Constitución Española se recolle a suspensión dos dereitos e liberdades?

A) Artigo 53

B) Artigo 54

C) Artigo 55

4. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo de resolver, ésta será de:

A) 6 meses

B) 4 meses

C) 3 meses

5. Segundo o artigo 13 da Lei 39/2015, as persoas, nas súas relacións coas Administracións Públicas, teñen dereito a:

A) Non achegar nunca documentos.

B) Ser asistidas no uso de medios electrónicos nas súas relacións coa Administración.

C) Escoller sempre o órgano administrativo que resolverá o seu procedemento.

6. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, a Administración está obrigada a dictar resolución expresa e a notificala:

A) Só nos procedementos iniciados de oficio.

B) Só nos procedementos iniciados a solicitude do interesado.

C) En todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación.

7. Segundo o artigo 17 da Lei 39/2015, sinale a resposta correcta:

A) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados.

B) Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantizar a autenticidade, integridade e conservación do documento.

C) As dúas opcións anteriores son correctas.

8. Segundo o artigo 36 da Lei 39/2015, os actos administrativos:

A) Produciranse por escrito a través de medios electrónicos sempre.

B) Produciranse por escrito a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.

C) Produciranse, excepcionalmente, por escrito a través de medios electrónicos.

9. Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, deben ser motivados os actos administrativos que:

A) Nunca afecten aos dereitos dos interesados.

B) Sexan sempre actos de trámite ordinarios.

C) Limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.

10. Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, cal das seguintes persoas está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas?

A) As persoas xurídicas

B) As persoas maiores de 60 anos.

C) Todas as persoas físicas sen excepción.

11. Segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, cada Administración Pública debe dispoñer de:

A) Unicamente dun rexistro presencial.

B) Un Rexistro Electrónico Xeral.

C) Un rexistro exclusivamente para funcionarios.

12. Segundo o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, sempre que por Lei o no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, entenderase que son:

A) Días hábiles, incluíndose no cómputo os sábados.

B) Días hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, domingos e festivos.

C) Días naturais.

13. Segundo o artigo 37 da Lei 39/2015, sinale a resposta <u>incorrecta</u>:

A) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o disposto nunha disposición de carácter xeral.

B) As resolucións administrativas de carácter xeral non poderán vulnerar o disposto nunha disposición de carácter particular.

C) Ambas son incorrectas.

14. Segundo o artigo 20 da Lei 7/1985 LBRL, sinala a resposta correcta:

A) O Alcalde, os tenentes de Alcalde e o Pleno, existen só nos concellos de máis de 5.000 habitantes.

B) O Alcalde, os tenentes de Alcalde e o Pleno, existen en todos os concellos.

C) O Alcalde existe en todos os concellos e os tenentes de Alcalde só nos concellos de máis de 5.000 habitantes.

15. Segundo o artigo 22 da Lei 7/1985 LBRL, cal dos seguintes órganos está integrado polo alcalde e todos os concelleiros?

A) A Xunta de Goberno Local.

B) O Pleno.

C) A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

16. Segundo o artigo 21 da Lei 7/1985 LBRL, cal é unha función propia do alcalde?

A) Aprobar leis municipais.

B) Dirixir o goberno e a administración municipal.

C) Participar nos procesos de selección de persoal.

17. Segundo a normativa de protección de datos, os datos persoais deben conservarse:

A) Indefinidamente en todos os casos.

B) Durante polo menos 50 anos.

C) Non máis tempo do necesario para os fins para os que se tratan, salvo excepcións legalmente previstas.

18. Cal debe ser unha característica esencial da atención á cidadanía por parte da Administración?

A) Utilizar unha linguaxe exclusivamente técnica.

B) Ofrecer información clara, accesible e comprensible.

C) Facilitar información unicamente de maneira presencial.

19. Cantas parroquias forman parte do Concello de Outes?

A) 9

B) 10

C) 8

20. Cal dos seguintes concellos limita co Concello de Outes?

A) Boiro

B) Mazaricos

C) Lousame

PREGUNTAS DE RESERVA

1R. O principio de exactitude implica que os datos persoais deben ser:

A) Sempre públicos.

B) Exactos e, se fose necesario, actualizados.

C) Conservados sen posibilidade de modificación.

2R. Cal dos seguintes é un principio fundamental da protección de datos persoais?

A) Recoller todos os datos posibles por precaución.

B) Principio de minimización dos datos.

C) Conservar os datos indefinidamente.

3R. De acordo co artigo 32 da Lei 39/2015, pode ampliarse un prazo administrativo?

A) Non, nunca.

B) Si, sempre que non se exceda da metade do prazo establecido e concorran os requisitos legais.

C) Si, pero unicamente por decisión do interesado.

Sinatura: _____